

INFORMACIÓN IMPORTANTE!!



Deixamos aquí o documento de instrucións para o procedemento ao pago de parte da paga extra 2012 que nos fora roubada no seu momento, así como o modelo de solicitude para que as persoas que non se atopan xa en servizo activo poidan recuperar eses cartos.

- [Documento de instrucións.](#)
- [Modelo de solicitude.](#)

A lei de orzamentos do ano 2015 só recolle a devolución do 12.5%, que é esta que se vai pagar no mes de xaneiro. A Lei de Emprego de Galiza, que será publicada nas datas previas ás Eleccións Municipais, vai recoller a cronoloxía da devolución da extra do 2012 no período 2015-2017. O que non aclararon é se van incluír, ou non, o complemento específico.

Como **CIG** [xa rexeitamos no seu momento esta proposta](#) , **esiximos a devolución íntegra nun só pagamento** . Non entendemos, por exemplo, porqué,

se a Admón. pretende devolver o 25% da extra no ano 2015, a Lei de Orzamentos só contempla o 12.5%, e non o pagamento do 25% nunha soa vez.

A PROPOSTA DO PP: DEVOLUCIÓN DA EXTRA EN PEQUENAS DOSES

VINCULADAS AOS PROCESOS ELECTORAIS:

Esta é a cronoloxía que nos anunciaron:

- Devolven o 12,5 % da extra do 2012 en xaneiro do 2015.
- Antes das **Eleccións Municipais do ano 2015**, e unha vez aprobada a Lei de Emprego de Galiza, pretenden devolver outro 12,5%, facendo un total de **25%** da paga extra de 2012 devolto no 2015, ano no que tamén coincide que hai **Eleccións Xerais**.
- No 2016, coincidindo coas **Eleccións Autonómicas**, pretenden devolvernol outro **50%**
- No 2017, o **25%** restante que falta.

Todo isto, sen termos claro se o complemento específico da extra do 2012 vai incluído nestas porcentaxes, nin qué pasa co complemento específico ou os recortes das pagas extras dos anos 2013 e 2014.

Pretenden tomarnos por parvos e irnos devolvendo a extra do 2102, QUE NOS ROUBARON, en cómodos prazos pre-electoraes, coa intención de comprar votos.